


Libros para postobrigatoria



Libro de relatos, fantásticos os máis deles, enfiados pola traxedia do naufraxio e tocados case sempre pola vea amorosa e sentimental dos seus protagonistas. Textos que evocan e recrean non só feitos históricos, senón tamén lendas do río Limia, o amor trágico dunha santeira cubana ou mesmo os tratos dunha nena con Valle-Inclán

Doce de abril de 1961: o cosmonauta Iuri Gagarin convértese no primeiro ser humano en viaxar ao espazo exterior. 50 anos despois, Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos sesenta anos, lembra a proeza do cosmonauta ruso. Daquela el tiña 10 anos e gañara un concurso cun traballo sobre esa 1ª viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un sobrenome que o acompañará durante anos.



O código secreto que permite o acceso á sala de mandos da nave espacial exploradora de futuros itinerarios siderais.

A bambeante escada de corda e táboas coa que abordar o áxil bergantín no que sucuar mares ignotos na procura do eterno tesouro da ilusión.

A estribeira na que pousar o pé para cabalgar o airoso alazán de galope tendido cara ao horizonte promisorio.

A fiestra aberta ao ar vivificador, franca aos saberes, ao pensamento diverso, ao voo da imaxinación, á descuberta venturosa de novos mundos, ao espello substancial do propio ser...

O libro!

Paco Martín para o Día mundial do Libro 2014

No verán tamén é tempo de ter nas mans o libro galego




Porque...
Quen ben te
quere,
farache ler.

Xosé M^a Díaz Castro
Letras Galegas 2014

Equipo de Normalización
Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros para o 1º ciclo da ESO



Novela-disco que nace da colaboración entre a escritora Charo Pita e o músico Xoán Curiel. En forma de diario, cóntasenos a historia dun grupo de amigos xusto cando o verán comeza. O seu soño: ter un grupo de música.

Alaia, unha moza da tribo dos nerios, ten que abandonar o seu castro natal para ir traballar á cidade de Thaladé, construída enriba do bravo Mar Poñente. Alí coñecerá a crueldade dos amos e as contradicións da mal chamada civilización, mais tamén descubrirá o maior dos segredos que gardan os seus túneles ancestrais.




Libros para o 2º ciclo da ESO





Premio Irmandade do Libro ao Mellor libro Infantil e Xuvenil do ano 2014. Despois de *Destino xalundes* (2013) e *Estación de tránsito* (2014), chega o final da triloxía *Ámote Leo A.*

«Mamá, volvo á casa. Xa.» Así lle escribe Leo á súa nai unha noite de primavera, catro meses despois do inicio da súa fascinante viaxe polo mundo. A moza non ten gana de máis. Pero non se trata dunha rendición, velaquí unha auténtica arroudada sentimental, rosma Leo ao tempo que centos de imaxes golpean a súa cabeza.

Un xornalista galego duramente castigado polo poder ten que emigrar a Madrid na procura de traballo. Nesa cidade aluga un piso vello e enigmático e da vivenda do lado proceden os estraños rúidos do silencio. A través dunha atmosfera intrigante, configúrase unha novela de suspense,



Daia Dalúa cruza Europa nun tren que a levará cara a un destino frío onde coñecerá a calor dos amigos. Con eles, deberá descubrir que se agocha tras o po centenario dun libro laretas que lles pide axuda para salvar á Degon Aerinaira. Mais, quen é a Degon Aerinaira? Poden fiarse da mensaxe dun libro que se dedica a posuír, a dicir de Daia, a incautas alumnas de primeiro como Fiona, a



Finalista do International Dagger Prize 2011. Premio Frei Martín Sarmiento 2011 na categoría de adultos. Libro do Ano nos Premios Irmandade do Libro 2009. Premio Losada Diéguez de Creación Literaria. Premio Brigada 21 de novela negra Ademais disto, a confirmación de Leo Caldas como un dos detectives máis interesantes do panorama literario. A rodaxe da película pona de novo de actualidade..